



## *Galanteo de mozo e moza*, romance en lingua galega (séc. XVIII). Edición e estudo

Rosario Álvarez<sup>1</sup>

Recibido: 10 de abril de 2018 / Aceptado: 11 de outubro de 2018

**Resumo.** O obxectivo desta contribución é darnos a coñecer un romance escrito en lingua galega no século XVIII, do que se tiña noticia desde principios do século XX mais que ata agora estaba desaparecido. Forma parte do volume manuscrito *Ocios poéticos...*, no que alguén reuniu os papeis literarios do padre Feijoo á súa morte, na súa maioría composicións poéticas do sabio bieito. Dentro dos obxectivos está tamén argumentar sobre a posible autoría e datación do texto, que vén engrosar a feble tradición da escrita en galego durante os “séculos escuros”. Editamos o texto e estudamos a súa lingua, tanto intrinsecamente coma por comparación coa dos outros autores do galego medio, tomando como base o corpus *Gondomar*, de recente apertura á consulta pública. Situámola no marco da continuidade entre a tradición medieval e os resultados modernos, nunha perspectiva de variación que combina sempre a ollada diacrónica coa diatópica. A análise do léxico permitiu tamén poñer o acento sobre algúns aspectos interesantes para a historia da cultura galega. Concluimos que o texto non é do padre Feijoo, que só debeu de intervir na nota lingüística final e, quizais, nas glosas marxinais. Canto á datación, situámolo provisoriamente a mediados do séc. XVIII.

**Palabras chave:** Poesía do século XVIII; galego medio; romance; Idade Moderna; Séculos Escuros; padre Feijoo.

## [es] *Galanteo de mozo e moza*, romance en lingua gallega (séc. XVIII). Edición y estudio

**Resumen.** El objetivo de esta contribución es dar a luz un romance escrito en lengua gallega en el siglo XVIII, del que se tenía noticia desde principios del siglo XX pero que desde entonces estaba desaparecido. Forma parte del volumen manuscrito *Ocios poéticos...*, en el que alguien reunió los papeles literarios del padre Feijoo a su muerte, en su mayoría composiciones poéticas del sabio benedictino. Dentro de los objetivos está también argumentar sobre la posible autoría y datación del texto, que viene a engrosar la menguada tradición de la escritura en gallego durante los “séculos escuros” (siglos oscuros: siglos XVI-XVIII). Editamos el texto y estudiamos su lengua, tanto intrinsecamente como por comparación con la de los otros autores del período llamado gallego medio, tomando como base el corpus *Gondomar*, de reciente apertura a la consulta pública. La situamos en el contexto de continuidad entre la tradición medieval y los resultados modernos, en una perspectiva de variación que combina siempre la visión diacrónica con la diatópica. El análisis del léxico nos ha permitido también poner el acento sobre algunos aspectos interesantes para la historia de la cultura gallega. Concluimos que el texto no es del padre Feijoo, que solo debió intervenir en la nota lingüística final y, quizás, en las glosas marginales. Respecto de la datación, lo hemos situado provisoriamente a mediados del siglo XVIII.

**Palabras clave:** Poesía del siglo XVIII; gallego medio; romance; Edad Moderna; “Séculos Escuros”; padre Feijoo.

## [en] *Galanteo de mozo e moza*, an 18th Galician Romance: Edition and Study

**Abstract.** The aim of this contribution is to bring to light a poetic composition (romance) written in the Galician language in the 18th century. At the beginning of the 20th century, the text was reported, but not published, and had been missing until recently. It is part of the manuscript volume *Ocios poéticos...*, a compilation of Father Feijoo’s literary papers, mostly poetic compositions of the Benedictine sage, gathered after his death. Among the objectives, it is also to discuss the arguments as regards the possible authorship and dating of the text, which comes to increase the diminished tradition of writing in Galician during the “séculos escuros” (the “dark centuries”: 16th -18th centuries). The paper presents an editing of the text and studies its language, both intrinsically and by comparison with that of the other authors of the period called Middle Galician, taking as basis the *Gondomar* corpus, recently opened to public consultation. We place it in the context

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela - Instituto da Lingua Galega.  
Correo-e: rosario.alvarez@usc.es

of continuity between medieval tradition and modern results, in a perspective of variation that always combines the diachronic with the diatopic vision. The analysis of the lexicon has also allowed us to highlight on some aspects which may be interesting for the history of Galician culture. The conclusion of the current study is that the text does not belong to Father Feijoo, who should have only intervened only in the final linguistic note and, perhaps, in the marginal glosses. As regards the dating, we have placed it provisionally in the middle of the 18th century.

**Keywords:** 18th Century Poetry; Middle Galician; *Romance*; Modern Age; “Dark Centuries” (“Séculos Escuros”), Father Feijoo.

**Sumario.** 1. Introducción. 2. O documento e o poema. 3. Edición. 4. Particularidades lingüísticas: interese diacrónico e diatópico. 5. As glosas marxinais. 6. Interese para a historia da cultura. 7. Conclusión. 8. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Álvarez, R. (2018): “*Galanteo de mozo e moza*, romance en lingua galega (séc. XVIII). Edición e estudo”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 21, pp. 15-31.

## 1. Introducción

Durante varias décadas, os estudosos da historia da lingua e da literatura galegas deron por perdido o volume *Ocios poéticos del Illmo. Sr. Dn. Fr. Benito Gerónimo Feijoo, benedictino*, dado a coñecer por Justo E. Areal en 1901, que sacou á luz un feixe de poemas inéditos acompañados dun pequeno prólogo. Entre eses poemas estaba o “Llanto de la flota, por una ninfa gallega”, en galego, na versión completa en quince quintillas e na reducida a tres quintillas para un xeroglífico; no prólogo daba noticia, ademais, de que o volume contiña un “Curioso romance en lengua gallega”, que decidiu non incluír na escolma por crer que non era da mesma autoría (Areal 1901: ix). Cando Álvarez Blázquez (1959) fixo a súa *Escolma*, o volume rescatado do esquecemento por Areal estaba xa de novo perdido, polo que o ilustre polígrafo se lamenta da perda desde romance e do inútiles que foron os seus moitos esforzos para localizalo.

Felizmente, o volume adquirido por Justo E. Areal, a quen asegura que o atopou “en Perdecaney, en poder de la ama de llaves del fraile exclaustrado de la orden de los benedictinos, Fr. Bonifacio Gonzalez, quien lo heredó del Superior de la Orden, en el Convento de San Benito de Lérez”, reapareceu na biblioteca familiar dos herdeiros do editor pontevedrés José Millán, dando ocasión non só para a edición e estudo do “Pranto da frota, por unha ninfa galega” (cf. Álvarez e Millán Rodríguez 2016) senón tamén para a recuperación do “Curioso romance”.

Nesta contribución, editamos o poema, estudamos as súas particularidades lingüísticas, poñemos de relevo os trazos máis interesantes para a historia da lingua galega e esbozamos un perfil, desde o punto de vista xeolectal, do seu autor anónimo<sup>2</sup>.

## 2. O documento e o poema

1. O texto que editamos é un romance de 168 versos, con rima asonante en *-a-o*, escrito integramente en lingua galega. No alto da páxina, a modo de cabezal máis ca de título da composición, figura en castelán a epígrafe “Curioso Romance en Lengua Gallega, que cuenta el Galanteo, y Celos de Mozo, y Moza de aquella Plebe”, que nós decidimos abreviar no título “Galanteo de mozo e moza”. Coma na maior parte das composicións do volume *Ocios poéticos*, non consta o nome do autor<sup>3</sup>.

O narrador é Amaro, un mozo que se presenta ferido de amor e fala en primeira persoa do seu desacougo e das súas coitas. O caso é que dous anos antes, indo á ermida de san Caetano, descubriu a Mingotiña en medio dun rabaño de rapazas bonitas. Ao se querer achegar a ela foi detido de súpeto polo seu curmán, que tamén a pretende, e aí arrinca unha loita entre os dous mozos, ante un público que non é capaz de detelos nin de separalos...; mais, no fragor da contenda, abondou unha palabra e unha ollada daquel *anxo* para que el abandonase. Describe

<sup>2</sup> Este traballo inscribíase no proxecto de investigación *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna. Catalogación, multiedición, glosario e estudo* (Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela), con financiamento do Ministerio de Economía e Competitividade (ref. FFI2013-47589-P). IPs.: Ernesto González Seoane e Rosario Álvarez. Accesible en: <http://ilg.usc.gal/gondomar/>.

<sup>3</sup> Entre as páxinas 1-280 dos *Ocios poéticos* sucédense 111 composicións que figuran no índice inicial, feito polo mesmo compilador. Deles, só un poema, do padre Butrón, ten indicación de autoría. O último da serie é este “Curioso romance”. A partir da páxina 281, engádense composicións de autores diversos, que non figuran no índice. Remitimos á nosa descrición do volume manuscrito, presentada no *Simposio ILG 2017* (Santiago de Compostela, novembro de 2017) e que sairá publicada proximamente no libro colectivo *Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna* (Serie Ensaio & Investigación, do Consello da Cultura Galega).

con primor a súa namorada coa roupa dos días santos e adornada de todos os seus atributos de bondade e elegancia, para que comprendamos a excelencia daquela pola que morre de amor, sen esperanzas, pois el é un pobre “que non ten un pé de terra” e seu primo ten “seus bois, e carro, e terra de sembradura”.

O poema vai acompañado dunha serie de glosas marxinais, co obxectivo de esclarecer o significado de palabras que, por algunha razón, alguén —quizais o propio padre Feijoo— subliñou no texto e considerou que merecían un comentario explicativo (§5). Por orde: *Asado* ‘Puchero’, *Alàn* (de Probes) ‘el sol’, *Armentío* ‘Buey ô baca’, *Pigoreiro* ‘Pastor’, *Pértego* ‘Palo’, *meadas* ‘madejas’, *Minga* ‘nombre de la moza’, *Mingotiña* ‘idem’, *Quintanito* ‘pañño de estimacion’, *corpiños* ‘cotilla antiqüísima | en Galicia’, *sabelo* ‘devantál’, *Doas* ‘quentas | al cuello’, *neño en cruz* ‘lignum crucis’, *Chamizo* ‘cecina’, *Agoiro* ‘Aguero malo’, *Loro* ‘cojunda [sic] de cuero’. O compilador do volume copia estritamente texto e comentarios, mais non nos é dado saber se no texto orixinal que traslada as acoutacións marxinais eran da mesma man có poema ou non.

Ao remate, ocupando dous terzos da derradeira páxina, figura unha nota sobre a lingua galega e a súa pronunciación, con notables coincidencias coa posición do padre Feijoo ao respecto (§2, 3).

2. Descoñecemos cal foi o motivo ou ocasión para este romance costumista. Non hai no poema datos que apunten a unha efeméride, festividade ou persoa concreta como motivo para a celebración ou o agasallo. Hai, si, elementos que nos levan a considerar que se trata dun texto para ser declamado en público por un único actor.

A unidade de acción nun só acto e o ton humorístico son evidentes. Avalan a hipótese da exposición pública outros elementos textuais:

- a) O protagonista, narrador, interpela un auditorio:

E se hai *alguén que aquí* entenda / destes maes desdeitados / (con perdón de súas mercedes)

Eu quedei... ¡xa se ve! / ¡véxao calquera! Afrentado.  
¿Non *vedes* un armentío, / cando se vai alindando / (...) / que queda o probe de boi / sospenso, e medio trembando?

E agora *veredes* vós / de Minga, o que vou contando.

Agora *mirade* vós / se as circunstancias son barro.

- b) Intenta provocar as rapazas do público e reclama por non conseguir o efecto desexado:

Cando en Deus, e boas horas, / se deixa ver un robaño / de rapazas, que estimaran / ser tan bonitas (¿*digo algo?*) / as que estan eiquí presentes... / (¿*que fan, que no-me miraron?*!)

- c) Fai varias voces en estilo directo, suplinndo a presenza dos diversos personaxes: a súa, a do curmán, a de varios dos veciños que asisten á pelexa.

«téndevos», dixo meu primo, / ouzo, «meu curmán, despazo».

coma quen diz «eu so galo».

«Rabias —entre min decía— / ¿ques asar e non pingamos?»

«Haxa paz» —decían todos—, / «Brútigos, sede quedados», / «¡Que se perde a freiguexía», / «¡Valla a cortesía, Amaro!»

- d) Usa deícticos, nalgún caso só interpretables en presenza:

Un día, coma ora *este*, / alá polo mes de maio

E se hai *alguén que aquí* entenda

deille un bo pau à meu gusto, / salvo sexa *neste lado*. [Ao parecer, en alusión eufemística e graciosa ás nádegas; a posibilidade de sinalar “este lado” evita o uso do termo.]

3. Non hai argumentos con que defender que a nota final é do mesmo autor có texto. A favor poderíase argumentar que na segunda parte inclúe unha recomendación sobre pronuncia que actúa asemade como ilustración e como precaución de alguén interesado en que unha lectura inadecuada non empeore a factura do verso: dun lado o valor da letra <x>, que se debe pronunciar “blanda”, ou sexa como /ʃ/ e non como cast. /x/; doutro, a necesidade de practicar sinalefas e elisións, porque “no sabíendose pronunciar, unos pies saldrán largos, y otros cortos”. Semella unha nota de advertencia dirixida ao receptor ou receptora do poema.

Máis interesante é o contido xeral da nota, sobre todo na primeira parte, porque se expoñen ideas lingüísticas moi semellantes ás defendidas polo padre Feijoo no seu “Paralelo de las lenguas Castellana, y Francesa” (1726; abreviaremos as referencias como *Par.*) e, por tanto, non tería ningún sentido que outra persoa as sistematizara ao pé do texto, na tal nota de advertencia, ao lle enviar o poema a el. Só se xustificaría se esas ideas non fosen orixinais

do padre Feijoo, senón asumidas a raíz deste escrito, o que semella unha hipótese pouco probable; ou, máis ben, se a nota foi engadida polo padre Feijoo porque tiña pensado remitir-lle o romance a unha terceira persoa.

Repárese nos seguintes puntos de coincidencia:

a) As referencias ao “grato sonido del idioma”, como indicador da súa *harmonía*, unha das tres calidades –xunto coa *propiedade* e a *copia*– que poderían avaliar en que medida unha lingua pode avanzar sobre outra (*Par.* §15). Nesa procura de indicadores da máis fácil e agradable dicción pode considerarse se a pronunciación é *blanda* ou *fuerte* (“Es cierto que los Franceses pronuncian más blando; los Españoles más fuerte. La lengua Francesa (digámoslo así) se desliza: la Española golpea”, *Par.* §17).

Adviertese, que el Idioma Gallego tiene, como todos los demas de el mundo, su propia, y nativa Pronunciacion, que es en extremo dulcissima.

La letra x se debe pronunciar las mas veces blanda, como xà, que es lo mismo *que ya*, sexa, que es lo mismo *que sea. et caetera*

b) A existencia desa “propia, y nativa Pronunciacion”, autónoma respecto da seguida polas linguas veciñas, nomeadamente o castelán, é consecuencia normal da súa independencia, xa que “la lengua Lusitana, o Gallega se debe considerar dialecto separado de la Latina, y no subdialecto, o corrupción de la Castellana” (*Par.* § 28). Trátase de xustificar que unha mesma grafía represente formas fonéticas diferentes: en galego a que corresponde á deriva propia desta lingua, que ao parecer nesa altura xa soa moi mal a oídos casteláns (“Dentro de España parece a Castellanos, y Andaluces humilde, y plebeya la articulación de la *Jota*, y la *G* de Portugueses, y Gallegos”, *Par.* §15); en castelán a que corresponde á moderna pronuncia velar, esquecida ou marxinalizada a pronuncia palatal dos seus devanceiros. Abunda na similitude o recurso á comparación co francés, para que non quede ningunha dúbida sobre a obxectividade da posición (“Pero los Franceses, que pronuncian del mismo modo, no sólo las dos letras dichas, mas también la *Ch*, escuchan con horror la articulación Castellana”, *Par.* §15).

Se escribe, y se pronuncia diferentemente, como lo hace el Francés.

c) O papel determinante dos suevos como explicación histórica da deriva do romance hispánico occidental fronte ao central. Parte dunha

suposta unidade lingüística peninsular cando se produce a chegada dos suevos (“en Galicia, y Portugal, se hablaba en los dos Reinos, como en todos los demás de España, la lengua Romana”, *Par.* §34), rota no occidente pola singularidade da instalación da monarquía sueva no reino de Galicia (“la causa que buscamos de la identidad del idioma Portugués, y Gallego; y es, que habiendo estado las dos Naciones separadas de todas las demás Provincias, debajo de la dominación de unos mismos (...) era preciso que en ambas se formase un mismo dialecto”, *Par.* §35).

Es, en sentir de muchos, la lengua de los suevos, que dominaron a Galicia, y Portugal.

d) A insistencia na gran similitude entre galego e portugués, advertindo que dentro do “Lusitano”, dialecto do latín a par de Francés, Italiano e Español, “se debe incluir la lengua Gallega, como en realidad indistinta de la Portuguesa, por ser poquíssimas las voces en que discrepan, y la pronunciación de las letras en todo semejante” (*Par.* §27), salientando que por iso se “entienden perfectamente los individuos de ambas Naciones, sin alguna instrucción antecedente” (*Id.*).

lo cierto es, que se asemejan mucho, se escriben, y pronuncian casi de el mismo modo

e) A argumentación, e dificultade, de dirimir cal é “dominante” e cal é a mellor denominación para se referir a esa lingua occidental falada en Galicia e Portugal. A favor de *galego* xoga o feito de que “si el idioma de Galicia, y Portugal no se formó promiscuamente a un tiempo en los dos Reinos, sino que del uno paso al otro; se debe discurrir, que de Galicia se comunicó a Portugal, no de Portugal a Galicia” (*Par.* §37). Por iso Feijoo conclúe que “Siendo, pues, durante aquella unión, el Reino de Galicia asiento de la Corona, es claro que no pudo tomar el idioma de Portugal, porque nunca la Provincia dominante le toma de la dominada, sino al contrario” (*Id.*), o que non obsta para que nos seus escritos se siga referindo separadamente á lingua galega e á lingua portuguesa. A nota que editamos mantén sobre este asunto unha posición máis contemporizadora có “Paralelo”:

y quieren algunos, que el Gallego sea el Idioma, ô lengua Dominante, otros, que la Portuguesa; pero *qualquiera* de las dos lenguas, que sea dialecto una de otra;

As ideas de Feijoo expostas foron publicadas no ano 1726, na primeira edición do *Theatro crítico*. Deixamos apuntada a data pola



importancia que poida ter para unha posible datación do texto.

4. O poema debeu de circular no seu tempo. Sobreira cita como testemuño ou aval do verbo *atafegar*: ¿trátase dunha cita de autoridade, indicativa de que o autor era recoñecible, ou é simplemente un apuntamento para si mesmo?, ¿cita polo primeiro verso porque este funcionaba como título na altura ou só é unha anotación inequívoca para uso propio? Curiosamente anota unha variante moi común, mais diferente tanto da que recolleemos na nosa copia coma do cognado castelán (*atafagar*), de modo que ou pasou por riba da diferenza fonética ou, con maior probabilidade, posuía outra versión manuscrita.

ATAFEGADO, DA. P.p. | ATÁFEGAR. V.a. *Avafar a carne na ola, asado, pucheyro, pote*, etc. Usa el *Atafegar* el Romance *De dous anos a esta parte*. (Sobreira 1792-1797; citado por *Id.* 1979: 290)

Pensado (1983: 40) sitúa este poema “hacia 1760”, sen indicar en que sustenta tal afirmación. De acordo coas súas palabras non ten máis referencia ca este mesmo manuscrito da familia Millán, onde non consta nin datación nin autoría, polo que cabe supoñer que simplemente propón unha data próxima á de confección do volume *Ocios poéticos*, que só puido facerse despois da morte de Feijoo (1764).

En todo caso, o testemuño de Sobreira alértanos sobre a circulación, probablemente manuscrita e non só oral, deste romance. Polo tanto, cómpre considerar que a versión encontrada na cela de Feijoo e copiada nos *Ocios poéticos* non fose un orixinal, abrindo a esperanza á localización doutros exemplares.

5. No fondo Martínez-Morás da Real Academia Galega figura unha copia manuscrita deste romance (ES.GA.15030.ARAG/2.14.2.3.6//Caixa 338-4). No cabezal, coa mesma letra, figura en dúas liñas “Poesías del P. Feijóo. | (Inéditas)”,

tachadas posteriormente cun lapis azul. O contexto non deixa dúbidas sobre a identidade da fonte, pois segue escrupulosamente os *Ocios poéticos*, incluso nos subliñados e disposición das glosas marxinais; non inclúe a nota final. Por parte, o cotexo coas marcas e anotacións postas por Justo E. Areal no volume manuscrito, lévanos a postular que se trata dun traslado feito por el mesmo, cando estaba a preparar a edición que o deu a coñecer, da que decidiu excluír este romance xunto coa “Carta de un mozo de mulas”, a pesar do mérito que lles recoñece, porque “en nuestra humilde opinión, no deben pertenecer á Feijóo” (Areal 1901: IX). Areal marcou no manuscrito con lapis vermello grosso a súa selección, cun trazo longo marxinal as seleccionadas e con outro tipo de indicacións as potencialmente incluíbles (pequenas marcas, “inédita”, “ins”); co mesmo lapis, en vermello ou en azul (é doado imaxinalo co lapis bicolor), fixo outras marcas ou condenou estrofas inconvenientes (e, se callar, tamén riscou a atribución a Feijoo da copia arquivada na RAG). Ademais, fixo anotacións a lapis corrente, tanto para marcar os poemas xa publicados por Vázquez (1881) e [López] Peláez (1899) coma para facer advertencias e comentarios –nun caso extenso e asinado como JEA–, que permiten comparar a letra coa da copia moderna do romance e concluír que, con toda probabilidade, pertencen á mesma persoa<sup>4</sup>. A finalidade da copia –figurar nunha colección de poemas inéditos de autor tan ilustre– esixía fidelidade ao orixinal e escusaba a nota final.

### 3. Edición

Partindo dunha lección estrita do texto, intervimos unicamente naqueles casos que consideramos necesarios para facilitar ao lector moderno a comprensión correcta en todos os sentidos. Dános certa marxe de liberdade poderemos orientar os estudosos con outras necesidades á multiedición que, xunto co facsímile, figura no repositorio *Gondomar*<sup>5</sup>.

<sup>4</sup> Esta conclusión ten para nós un grao de interese adicional, pois reforza a tese de que Justo E. Areal incluíu o poema “Llanto á la flota, por una ninfa gallega” e os xeroglíficos “Quintillas en gallego”, sobre o mesmo asunto, porque, a pesar da cautela manifestada no prólogo (co seu “los inteligentes lo dirán”), estaba convencido de que aqueles si eran poemas inéditos do padre Feijoo (Areal 1901: vi, 83-86). Cf. Álvarez e Millán Rodríguez 2016.

<sup>5</sup> *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* (<http://ilg.usc.gal/gondomar/>) ofrece sempre dúas versións, unha transcripción moi conservadora dos textos e unha edición interpretativa, con posibilidade de navegar entre unha e outra (Álvarez e González Seoane 2017). En <<http://ilg.usc.gal/gondomar/index.php?action=file&id=xmfiles/GOND051.xml>> o lector interesado atopará a copia dixital do texto manuscrito contido nos *Ocios Poéticos* xunto coas sucesivas etapas de edición, desde a paleográfica á que aquí presentamos. A lematización, a etiquetaxe morfolóxica e a referencia estándar moderna facilitan a comprensión e valoración dos datos.

As modificacións van encamiñadas, sobre todo, a guiar a lectura; non afectan por iso nin á selección de variantes morfolóxicas e léxicas, nin ao contido e estrutura do poema. En concreto: normalizamos a acentuación, o uso de maiúsculas e minúsculas, a puntuación e a separación de palabras, conforme á norma actual; marcamos con apóstrofo a elisión ou queda dun son (<no he> *no'é*) e con guión a coalescencia (<no me> *no-me*); regularizamos grafemas e dígrafos sempre que o

cambio non teña repercusións fonéticas e non sexa relevante para a variación sincrónica ou diacrónica da lingua galega (<y> asilábico, <h>, <b, v>, <x, g, j>); intervimos sobre os grafemas cando o signo utilizado é enganoso para o lector actual (é o caso de <acouxo> por *acougho*, con gheada). Marcamos con cursiva as palabras subliñadas no texto base, en correspondencia coa glosas colocadas na súa marxe, retiradas da edición mais comentadas en §5.

Curioso romance en lingua gallega, que  
cuenta el galanteo y celos de mozo y moza  
de aquella plebe

- |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>De dous anos pra esta parte<br/>eu non sei que deño trago,<br/>pois non acougho conmigo,<br/>tanto en pé como deitado.</p> <p>5 Nin topo cousa a meu gusto,<br/>nin cheiro na comida acho,<br/>mais que sexan sopas de unto<br/>atafagadas no <i>asado</i>.</p> <p>Pois el no'é dor de madrío,<br/>10 paletíña, resfriado,<br/>nin son bubas, nin quenturas,<br/>nin me doi perna nin brazo;<br/>mais estou de tal maneira,<br/>que xa non como pan branco.</p> <p>15 E se hai alguén que aquí entenda<br/>destes maes desdeitados<br/>(con perdón de súas mercedes)<br/>háxolles de prantar o caso,<br/>que os maes, se se cuchuchan,<br/>20 dizque se van abrandando.<br/>Un día, como ora este,<br/>alá polo mes de maio,<br/>cando aqueise <i>alán</i> de probes<br/>fai o seu viaxe máis largo,</p> <p>25 alvendando as nubidades,<br/>valéndolle a vida aos campos,<br/>cheirando as froes e oíndo<br/>estralouxar os paxaros,<br/>puxen pés en polvorosa,<br/>30 collín os picos pró santo,<br/>que me librou das quenturas,<br/>¡meu grorioso san Coitano!,<br/>cando en Deus, e boas horas,<br/>se deixa ver un robaño</p> <p>35 de rapazas, que estimaran</p> | <p>ser tan bonitas (¿digo algo?)<br/>as que estan eiquí presentes...<br/>(¿que fan, que no-me miraron?!)<br/>Por caporal delas viña</p> <p>40 meu tío, Pedro Lousano,<br/>feito un Deus nos ampare,<br/>máis enteiro que outro tanto.<br/>E como entre elas viñese<br/>a netiña de Gonzalo,<br/>45 funme chegando ao pé dela<br/>e, a querer darlle un abrazo,<br/>«téndevos», dixo meu primo,<br/>ouzo, «meu curmán, despazo».<br/>Eu quedei... ¡xa se ve!</p> <p>50 ¡véxao calquera! Afrentado.<br/>¿Non vedes un <i>armentío</i>,<br/>cando se vai alindando<br/>asta preto do alcacer,<br/>que xa o estaba desexando,<br/>55 cunhas ganas desavesas,<br/>para gaspear un bocado,<br/>que entonces un <i>pigoreiro</i><br/>lle dá un berro tamaño<br/>que queda o probe de boi</p> <p>60 sospenso, e medio trembando?<br/>Así, sin quitar nin pór,<br/>estuvemos un bo rato<br/>de esta sorte (¡miña xoia!),<br/>cos brazos espatarrados,<br/>65 sin chegarnos un ó outro;<br/>e o bribón de cando en cando<br/>cravaba nela os ollos,<br/>coma quen diz «eu so galo».<br/>«Rabias —entre min decía—<br/>70 ¿ques asar e non pingamos?»</p> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

- E revolvendo o meu *pértego*,  
véndome así enfadado,  
deille un bo pau a meu gusto,  
salvo sexa, neste lado.
- 75 «Haxa paz» —decían todos—,  
«*Brútigos*, sede quedados»,  
«¡Que se perde a freiguexía»,  
«¡Valla a cortesía, Amaro!»  
Agora si que cai ben
- 80 aquel conto do boi manso,  
que nunha corrida de touros,  
se o pican a ollos cerrados,  
a us lles fura os calzós,  
outros os pincha rodando,
- 85 este quero, aquel non quero,  
esparcéndolle os fargallos,  
asta que queda a praza  
espoada ao seu mandado.  
Estando nesta debouza,
- 90 eu xa feito un medio diabro,  
me tiraron da faldrilla  
d’atrás do meu axustado  
e revolvéndome eixina,  
e o *pértego* levantando,
- 95 vexo, mais non sei que vexo,  
vexo tras de min un anxo,  
decendo que me aosegue,  
sendo o mandar escusado,  
pois bastaban o[s] seus ollos
- 100 cichando *meadas* de raios  
para abrandar os corazóns  
dos animaes máis bravos,  
porque o meu (¡malpocadiño!)  
de seu se estaba abrandando,
- 105 que diante ela no’hai homes  
que non sexan seus escravos.  
E agora veredes vós  
de *Minga*, o que vou contando.  
Trae aquesta *Mingotiña*,
- 110 se está de xeiro, o día santo,  
trae coifa de crarín  
con seus encaixes pranchados,  
e no medio unha especela  
de máis de seis dedos de ancho;
- 115 trae almilla de segovia  
de color azabachado  
con mangas de *quintanito*  
e seus *corpiños* de raso  
por derriba da camisa,
- 120 que par briós é de lenzo ancho.  
Trae tamén seu *sabelo*  
por derriba do refaixo;  
que anque é de pano estranxeiro,  
é admirable pano;
- 125 trae *doas* de azabache  
con relicario dourado,  
e un neño en cruz que pesa  
un carteirón ben pesado;  
trae medias coloradas,
- 130 e seus zapatíños brancos  
cunhas febillas de prata  
que lle deu o tío indiano,  
e moitas cousas consigo,  
que non son pagas con cartos,
- 135 e non llas deu ningún crego,  
nin tampouco leenciado;  
que, falando chaamente,  
hai poucas... (mais val deixalo!)  
E volvendo ó noso conto
- 140 de *Mingota*, en que estabamos,  
ten unha cara de risa  
con un natural dun anxo,  
e co andar, e co aqieste,  
parece que vai levando
- 145 tras si a cantos a miran,  
demirados do seu garbio.  
Agora mirade vós  
se as circunstancias son barro  
pra un probe que non ten
- 150 pé de terra (¡malpocado!),  
¿ha atrevérselle a expricar  
seu pensamento de prano?  
E o alarbiaz de meu primo,  
como ten seus bois e carro,
- 155 e terra de sembradura,  
ten máis que eu adiantado.  
Mais xúrolle, a tal por cal,  
que o hei deixar descoirado:  
¿*chamizo*, *agoiro*, *pozoña*,
- 160 sucio, *loro*, espilfarrado,  
querer casar con *Mingota*?  
¡*Mingotiña*!, ¡sol raiado!,  
¡*miña* xoia!, ¡*miña* estrela!,  
¡meu feitizo e meu encanto!
- 165 Que por ela hei de morrer  
se Deus non fai un milagro;  
pois xa estou de tal maneira,  
que xa non como pan branco.

Adviértese que el idioma gallego tiene, como todos los demás de el mundo, su propia y nativa pronunciación, que es en extremo dulcísima. Se escribe y se pronuncia diferentemente, como lo hace el francés. Es, en sentir de muchos, la lengua de los suevos, que dominaron a Galicia y Portugal; y quieren algunos que el gallego sea el idioma o lengua dominante, otros que la portuguesa; pero cualquiera de las dos lenguas, que sea dialecto una de otra; lo cierto es que se asemejan mucho, se escriben y pronuncian casi de el mismo modo; y tienen, como la Francesa, muchos diptongos, que se forman de dos sílabas para la pronunciación; por lo que, no sabiéndose pronunciar, unos pies saldrán largos y otros cortos; y para evitar esta falta, es menester elidir o comer muchas sílabas, al pronunciar, o hacerlas diptongos, a fin de que el pie del verso no redunde. La letra x se debe pronunciar las más veces blanda, como xà, que es lo mismo que ya, sexa, que es lo mismo que sea. *et caetera*.

#### 4. Particularidades lingüísticas: interese diacrónico e diatópico

O cotexo da lingua do romance coas características dos seus coetáneos é tan beneficiosa para o coñecemento do texto en si –e a posible identificación do seu autor– coma para a historia da lingua galega nestes séculos de transición entre a Idade Media e a Contemporánea. Convén non esquecer, con todo, que traballamos cun corpus fragmentario, lacunar e heteroxéneo, polo que as atestacións deben tomarse como proba en positivo e, por contra, a falta de testemuños non se pode considerar proba en negativo. Tomamos como base o corpus *Gondomar*, en especial ata 1765.

1. Desde o punto de vista grafemático, o texto sorprende pola súa modernidade, que contrasta cun certo arcaísmo nalgunhas variantes morfolóxicas. Por caso, nel é uniforme o uso de <nh> para representar a nasal velar: aínda que esta grafía xurdiu xa en textos medievais temperáns, tivo as súas vicisitudes ata acabar imponéndose; concorre con <ua, uha, una, un a, ùha, unha, un ha, umha, um-ha>, pero en autores e textos da contorna compostelá <nh> ten moito arraigamento desde principios do séc. XVII, e de feito é forma única na copia compostelá de M. Torrado (1627), nos autores das *Fiestas Minervales* (1697: Fabián Pardiñas Vilardefrancos, Francisco A. del Valle e Ignacio Rodríguez), en Francisco Salvador Roel (1707, editado en Santiago por Jacinto del Canto) e, case por completo, en Diego Cernadas, desde 1752, que coa súa extensa obra contribúe a xeneralizala; fóra deste ámbito destacan Gabriel Feijoo de Araújo (1671) e, con menor número de ocorrencias pero tamén sen concorrencia, Plácido Feijoo (1723) e Luís de Losada (1724).

É tamén significativo o uso constante do grafema <x> para /ʃ/, desvinculado da tradición antiga e do criterio etimográfico: <xa, desexando, viaxe, puxen, dixo...>, coas únicas excepcións de <estrangeyro, jurolle>; engádase

<freiguexía>, que dá conta da pronuncia palatalizada de /s/ nese contexto, e quizais polo mesmo motivo <estralouzar>. Ata onde se pode establecer hoxe, a partir dos textos coñecidos, esta xeneralización do grafema destinado inicialmente ao membro xordo da parella de fricativas postalveolares iníciase con Diego Cernadas (Monteagudo 2005), na década dos '50 do séc. XVIII. De por parte, chamamos a atención para <acouxo>, onde o mesmo grafema representa con toda certeza o son aspirado ou fricativo da gheada, botando man do grafema que ao longo deste século aínda seguía podendo representar en castelán /x/ </ʃ/ (*baxo, dixo, exército*).

Hai tamén pegadas de seseo. Xunto ao uso grafemático diferenciado de <c, z> e <s>, seguindo un criterio tradicional coincidente co que guía a escritura actual, atopamos o apelido *Lousano* (equivalente de *Louzao* ou *Louzán*) e mais <estralouzar>, non explicable a partir de [θ] pero si de [s] ou [ʃ] (cf. *estralouzar*, atestado por Sarmiento en Pontevedra 1754: “Retozar, enredar metiendo ruido unos con otros”, DdD: sv. ESTRALOUZAR CatálogoVF 1745-1755). Carecemos aínda de datos suficientes para poder establecer a extensión territorial alcanzada por /θ/ no séc. XVIII, con certeza máis reducida cá actual.

O autor ten opinión sobre algunhas formas fonéticas variantes e fixo opción a prol dunha ou outra como máis acaída para a modalidade de galego que quere presentar. Chama a atención, nesta liña, a elección continua de solucións con vibrante nos grupos {b, p, g, c, f}+líquida: *branco, abrandar, trembando* (con metátese), *diabro, prantar, pranchados, prata, expricar, de prano, grorioso, cravar, escravos, crarín, frores...*; mais non cruza a liña do hiperenxebre, pois exclúe desta opción os resultados de -BILIS, *admirable*.

2. É notable a presenza dalgunhas variantes morfolóxicas que xa na altura eran probablemente arcaísmos sostidos só a nivel dialectal.



*Axolles de prantar o caso.* A vulgar polos datos de TMILG (487 rexistros, sv. *agio, aio, ayo, ajo*), a forma *haxo* (<HABEO en posición tónica) tivo unha grande difusión territorial na Galicia medieval en concorrencia con *hei*. Non hai testemuños actuais. No corpus textual de *Gondomar* encontramos outros dous testemuños, ambos integrantes da mesma perífrase verbal: “que ajo de vender os bois”, nas *Décimas ao Apóstolo Santiago* de Martín Torrado (1627, con <ajo> nas dúas versións conservadas), e “mais non lle ajo d’agardar”, na *Contenda dos labradores de Cadelas* (Gabriel Feijoo de Araújo, 1671); ningunha pegada no séc. XVIII.

*Eu so galo.* É notable a presenza do arcaísmo *so* < *sou*, sen a nasal que caracteriza a variante que se impuxo por todo o territorio (ALGa I: 352), de modo que hoxe contrastan port. *sou* [ˈso] e galego *son* [ˈsoŋ]. Con todo, na altura da confección do romance *so* tiña aínda vizo, cando menos a nivel dialectal, como o mostran os seguintes testemuños do noso corpus: a fins do séc. XVII atopámola aínda en Gabriel Feijoo de Araújo (1671) e en dous autores das *Fiestas Minervales* (1697) vinculados ao ambiente compostelán, o “gramático” Juan Antonio Torrado, natural do Barbanza, e o franciscano José Gil Taboada, compostelán de familia oriúnda de Lalín; xa no séc. XVIII vémosa no autor anónimo do *Entremés del portugués* (ca. 1710)<sup>6</sup>, na carta de Magdalena García de Ogando (ca. 1755, de Pontevedra, criada en Viveiro; advértase que, por contra, falta por completo en Sarmiento, o seu cuñado) e nos composteláns Diego Cernadas (ca. 1753) e Francisca Isla (1775)<sup>7</sup>. Por tanto, sen ser excluínate, parece que a mediados do séc. XVIII está ben aboada cando menos no occidente de Galicia e, máis particularmente, no occidente coruñés.

*Eu non sey que deño trago.* A variante <trago> (gal. *traio*, port. *trago*) existe aínda, ben que de forma marxinal, na Costa da Morte (ALGa I: 380). No corpus *Gondomar* hai

poucos datos sobre a posible variación nesta forma do paradigma, mais atópase, de novo, en Gil Taboada (1697) e no anónimo autor do *Romance da Urca*, posterior ao noso texto (1777) e quizais debida neste á mesma influencia portuguesa presente esporadicamente noutros trazos do texto (Mariño Paz *et alii* 2012: 158).

Non son estes os únicos arcaísmos morfolóxicos do romance. Chaman moito a atención as formas do demostrativo reforzadas por *aqu-* nas series I (*aquesta Mingotiña*, subst. *aqueste*) e II (*aquese alán de probes*), posto que as primeiras decaen na escrita durante a Idade Media para ser testemuñais no séc. XV e das segundas non temos rexistros medievais (fonte: TMILG). A existencia de *aquese* está tamén garantida por raros testemuños escritos posteriores (séc. XIX, fonte: TILG) e por datos illados na fala (ALGa II: 227-230), mais o feito é que, mentres no corpus *Gondomar* hai outras mostras da serie I (Martín Torrado, 1627; Francisco A. del Valle e Ignacio Rodríguez, 1697; Martín Sarmiento, 1746; Diego Cernadas, ca. 1753), o rexistro mencionado da serie II é ata agora único.

Outro arcaísmo morfolóxico é o plural *maes* do substantivo monosilábico *mal*: “destes *maes* desdeitados / (...) / que os *maes*, se se cuchuchan”. A partir de *males*, coa perda de *-l-* intervocálico resultou *maes*, solución ben documentada en galego antigo en concorrencia con *males*. Nunha consulta rápida ao corpus TMILG, observamos que *maes* (preto do 40% no conxunto) domina na escrita no séc. XIII, decae no séc. XIV –con maior presenza en textos literarios ca nos documentais– e xa non ocorre no séc. XV. A solución *mal/maes* é congruente co plural de *animal*, máis adiante: “dos animaes máis bravos”.

3. A lingua do texto sitúase entre o galego occidental, caracterizado pola terminación *-án* (*curmán, alán*), e o galego central, que perde a nasal final no plural (*corazós, calzós*)<sup>8</sup>;

<sup>6</sup> González Montañés (2016), visto que, das oito composicións contidas no mesmo manuscrito, unha é con certeza da autoría do xesuíta galego Luis de Losada Prada (natural da Ermida, concello de Quiroga, 1681-1748) e que outras dúas lle foron atribuídas, considera probable que tamén esta peza sexa súa.

<sup>7</sup> Posterior ao noso texto, o seu único rexistro proba aínda a vacilación. A copia, coetánea pero non autógrafa, contén a emenda de <son unha> en <so unha>, coa nasal final ben riscada.

<sup>8</sup> Presumiblemente era xa así na altura. O padre Sobreira confirmanos isto para as dioceses de Santiago e Tui verbo do fem. *-án* e do pl. *-ns* (DdD: sv. AN e ANS, respectivamente): “Term. sing. en Santiago, Tuy, de los nombres formados de otros acabados en ANA, como *lan, mazan*, los cuales en Orense terminan en *â* o *aa*”, “Termin. pl. en Tuy y med. Santiago de los nombres que tienen el singular en *an*, como: *mazans* de *mazan*, y cuya pl. terminación en Orense es *ás*, como *mazás*”. A abreviatura <med.> parece referirse a que esta formación do plural non alcanza a totalidade da diocese compostelá.

curiosamente, en *chaamente*, na única forma feminina falta a nasal, mais ao se tratar dun adverbio en *-mente* pódese explicar por simple coalescencia. A comarca de Santiago é a ponte entre ambas as áreas dialectais, e por iso os autores do ámbito compostelán se dividen entre os que, coma o cura de Fruíme, adoptan a solución occidental e os que, como Martín Torrado, Francisco A. del Valle ou J. Gil Taboada, optan pola solución central, que é a que vai chegar con maior vizo aos inicios da Idade Contemporánea, tamén entre autores desta procedencia (cf. Mariño Paz 2003: 170). É diferente o caso de *us*, pois os textos coetáneos –e tamén os inmediatamente posteriores (*Ibid.* 174)– decántanse de forma maioritaria por *uns*, seguindo unha tendencia histórica que prima as solucións inequívocas (ben por *-ns* ou *-is*, ben por bisílabas, *unhos* ou *unhes*) en contra de *us*, que podería concorrer coa pronuncia pechada do artigo determinado *os* [o, u, u]; en todo caso o uso desta variante confirma que o autor do texto se sitúa entre os dous bloques (para a extensión actual de *us*, significativa, fronte ás outras variantes, véxase ALGa II: 219).

Algunhas formas verbais axudan a perfilar a lingua do autor. *Pór*, en recesión, mais que aínda se mostra vizosa, con distintos graos, ao sur dunha liña que enlaza a Costa da Morte coas ribeiras do Sil (ALGa I: 333); sexa pola pertenza a esa grande área sexa polo maior vizo de outrora, o corpus *Gondomar* mostra unha preferencia case exclusiva por *pór*, a vulgar polas formas inequívocas. Tamén son constantes *tendes*, *tende*, que teñen unha extensión similar (ALGa I: 378). Emprega *oíndo*, que remite a un infinitivo *oír*, o máis estendido, non ao *ouvir* meridional nin ao *ouír* disperso aínda polo occidente (ALGa I: 308); pero, sobre todo, salienta a variante *ouzo* < ant. *ouço* (cf. port. *ouço*), da que hoxe só quedan vestixios occidentais concorrentes con outras solucións regulares, dispersos entre a ría de Pontevedra e Malpica (ALGa I: 294). Usa *decendo*, de *decere*, solución da CII ben documentada no noso corpus en autores composteláns ou tudenses, confirmando que na Galicia occidental mantivo o seu vizo durante máis tempo (no mesmo sentido, véxase ALGa I: 242)<sup>9</sup>. As formas de P1pl do Ind.CPto. son graves, coa sílaba tónica

ben marcada para despexar calquera dúbida, <estavàmos> (cf. ALGa I: 52).

4. O poema mostra tamén algunhas regularidades morfolóxicas de interese diacrónico e diatópico. Unha é o uso da forma plena *non* ante consoante e ante vogal átona, e a variante reducida *no* ante vogal tónica (*non como*, *non acougho* mais *no 'é*, *no 'hai*), ben documentada no corpus *Gondomar* en autores occidentais non tudenses, coa mesma distribución ou simplemente ‘ante vogal’ vs. ‘ante consoante’ (para a continuidade na mesma área nas décadas seguintes e a tendencia ao abandono nos autores composteláns do prerrexurdimento, véxase Álvarez 2012: 218).

Outra é o uso de forma *non* sincrética de dativo P3pl. (“háxolles de prantar o caso”, “a us lles fura os calzós”), salvo en contexto de redobro do clítico, co complemento indirecto nominal en posición posverbal (“valéndolle a vida aos campos”). Esta distribución complementaria corresponde hoxe á área NE caracterizada por *lles* e *llelo*: máis reducida ca outrora, comprende grosso modo o oriente da Coruña, a provincia de Lugo e o galego estremeiro de Asturias e León; no resto do territorio, a W e S, emprégase normalmente a forma sincrética *lle*, recórrese a *lles* só por necesidades comunicativas e descoñécese a variante *llelo* (*llo* é sincrética, ‘llo, llelo’, coma port. *lho*). O trazo pode contribuír a corroborar que o autor do texto ten trazos que o sitúan a leste do meridiano de Compostela (cf. *calzós*, *us*) mais tamén a testemuñar o repregamento da área *lles-llelo* observada nos textos do prerrexurdimento (*Ibid.* 227).

5. Outro aspecto salientable é o das fórmulas de tratamento. Amaro diríxese ao auditorio de dúas formas diferentes: primeiro, con moita cerimonia, cando lle presenta as súas coitas e demanda a axuda de alguén que entenda “destes maes desdeitados”, emprega *súas mercedes... lles*; logo, xa máis en complicidade, pasa á segunda persoa, que en plural non distingue o trato de sg. *tu* ~ *ti* e o de sg. *vós* (*vedes*, *veredes vós*, *mirade vós*). O uso de formas de P3 acompañando o substantivo *mercedes* merece atención, pois afástase do uso xeral coa fórmula orixinaria con P2pl (*vosas mercedes*, antecedente de *vostedes*). No noso corpus textual son raros os usos de *súa mercede* ~ *súa mercé*, pero abundan

<sup>9</sup> Non consideramos a forma *diz* nesta caracterización dialectal porque se pode tratar, en ambas as ocorrencias, dunha variante fixada na locución e non da P3sg usual: “dizque se van abrandando” (*disque*), “coma quen diz”.

para confirmar a apreciación de Correas, para o castelán, de que se trata dun cambio de concordancia propio da fala das clases populares (“A este modo dizen los aldeanos *su md.* por *vuestra merced*”, 1627 [1984: 195])<sup>10</sup>: San Juan de Amorín, caseiro, é o único que o emprega en toda a correspondencia de Gondomar (1605); tamén “a lavandeira de Fruíme” dirixíndose ao peregrino (anterior a 1777); e, finalmente, Amaro querendo ser cerimonioso co seu auditorio. Naturalmente, o público diríxese a eles, tentando parar a liorta, con P2pl, *sede quedados*.

Tamén merece atención o uso da P2pl con que o curmán se dirixe a Amaro: “*téndevos*, dixo meu primo”. O uso de *vós* para un alocutario singular é frecuente en todo o período da Idade Moderna, ben como forma de tratamento cerimonioso en situacións de certa formalidade, ben como forma respectuosa de dirixirse ás persoas de máis idade, ben como forma de trato deferente entre iguais; en definitiva, no seu conxunto, o corpus do galego medio mostra un uso sostido, ao longo dos tempos, do *vós* respectuoso orixinal e aínda vivo no séc. XX no occidente da Coruña, sen indicios de que en galego se dese o desprestixio de *vós* descrito para o español da mesma época. Con todo, non é seguro que nesta nosa pasaxe a P2pl sexa atribuíble a un trato deferente entre iguais; podería tratarse do único exemplo, ata o momento, dun uso non cortés, na liña do descrito por Correa para o castelán: “De *vos* tratamos a los criados, i mozos grandes, i a xente de pardo aldeanos” (1627 [1984]). Que Amaro non corresponda coa mesma fórmula débese a que fala para si e apea o tratamento: “Rabias —entre min decía— / *¿ques asar e non pingamos?*”.

6. Dos nomes de mulleres das clases populares que poboan estes textos (Maruxa, Andrea, Marta, Catuxa, Irena, Susana, Andrea, Tomasa...), ningún máis representativo có de *Minga* (hipocorístico de *Dominga*), coas súas variantes afectivas: *Minga*, *Minguiña do Rego*, é unha das raparigas que, á volta de servir en Madrid,

participa moi activa no *Coloquio* na chá de Parafita (Sarmiento, 1746); *Mingota*, *Mingotiña*, é a criada de Fole de Navia contra a que arremete a ama do crego na sátira de Diego Cernadas (ca. 1753); *Minga*, *Mingota* e *Mingotiña*, en progresión afectiva crecente, son os nomes dados á protagonista do noso romance polo seu namorado.

*Amaro* é tamén o nome dado por Sarmiento a un carboeiro de Carnota que foi testemuña dos feitos narrados no seu *Coloquio*. Non atopamos máis ocorrencias de *Gonzalo*, pero si moi abundantes de *Pedro*, un dos santos máis venerados en Galicia e un dos nomes de varón máis frecuentes na altura<sup>11</sup>.

7. A necesidade de captar a atención e a complicidade do auditorio e mailo ton humor humorístico atopan un grande aliado na fraseoloxía. Sen ánimo de exhaustividade: “estou que xa non como pan branco”, “puxen pés en polvorosa”, “collín os picos pró santo” (‘largar para, encamiñarse a’, en alusión ao acto de anoar os picos do pano con que se fai a trouxa para partir), “en Deus, e boas horas” (fórmula de saúdo), “feito un Deus nos ampare”, “máis enteiro que outro tanto”, “¿ques asar e non pingamos?” (que interpretamos como ‘queres facer algo e non aceptar as consecuencias’), “estar de xeiro” (descoñecida; se non é erro de copia por *de xeito*, hai que supór unha forma sm *xeiro* correlato de sf *xeira*), “se as circunstancias son barro” (‘se son ou non importantes’)<sup>12</sup>.

8. A escollo dun metro popular, o romance tradicional cunha serie indefinida de versos oitósílabos en rima asoante, non nos debe enganar. Este romance é o texto dun autor que ten posición tomada verbo dalgúns trazos que conforman ou deben conformar o galego escrito como lingua ben identificada fronte ás súas veciñas e, nomeadamente, a castelá. Un texto sen apenas castelanismos: fronte a *trembar* < *temblar* e *sembradura*, opoñemos *achar*, *dor*, *sexan*, *desexar*, *animaes*, *anxo*... Foron xa comentados algúns arcaísmos morfolóxicos, quizais

<sup>10</sup> O paso de P2 *vosa mercede* a P3 *súa mercede* ten doada explicación gramatical: dunha parte, ambas concordan co verbo en P3; doutra, e sobre todo, está o feito de que *sua mercede* coexistía xa desde a Idade Media como fórmula cortés para se referir ás mesmas persoas (señores, en termos xerais) en discurso indirecto ou cando non son os alocutarios.

<sup>11</sup> No levantamento da antroponimia galega do séc. XVIII, realizado por Ana Boullón (2017) a partir do Catastro de Ensenada, *Pedro* é o sexto nome máis usado para varóns, mais nin Amaro nin Gonzalo figuran entre os 30 máis frecuentes; para mulleres, *Dominga* ocupa o sexto lugar.

<sup>12</sup> Cf. *facen (un) barro* ‘coller unha gran cantidade de peixe’ (*facen un barro* en Fisterra, *facen barro* en Muros, Noia). A expresión *facen un barro* pode ter sentido negativo, ‘facen unha desfeita, un desastre’ (Muros).



intencionados para producir o mesmo efecto de tradición identitaria. Á recorrencia aos grupos consonánticos con vibrante, podemos engadir *paletiña* ‘paletilla’; *desdeitados* ‘desditados’, que semella reconstrución galeguizadora a partir cast. *desdichados*; *carteirón*, que parece acomodarse á solución galega *cando*, *cartos*, *cal...* con perda de wau no grupo QUÁ-, fronte ao común *cuarteirón*; e, se callar, tamén *esparciéndolle*, como equivalente de cast. *esparciéndole*, e *chaamente* por cast. *llanamente*.

## 5. As glosas marxinais

¿Quen, por que e para quen subliñou e glosou unha serie de palabras no texto? A aclaración da metáfora *aquese Alán de Probes* ‘el sol’ podería ser necesaria para calquera receptor, pero non é probable que ningún galego da época precisase a explicación de que *Minga* e *Mingota* é o nome da moza. Tamén podía ser precisa a indicación de *quintanito* ‘pañño de estimación’, que non debía ser corrente na altura e non atopamos recollido en ningunha obra nin corpus; ou a de *neño en cruz*, pois a deturpación popular torna irrecoñecible o ‘*lignum crucis*’.

Outras voces podían precisar a glosa por teren un ámbito territorial máis restrinxido. É o caso de *meada* ‘madeja’, hoxe meridional (fonte: TLPGP), que con este significado reparte o territorio galegófono con *mea*, *maraña*, *madeira* e *cadeixa*, cando menos; e tamén de *doa* (sin. *abelorio*, quizais tamén *conta*, coma en portugués), aboada por Sarmiento co mesmo valor (“Son las cuentas del rosario y otra cosa semejante de que se hacen gargantillas”, DdD: sv. DOA), mais a glosa advirte tamén de que se levan ‘al cuello’, esclarecendo así que se trata dun enfeite e non dun rosario, e suxire o uso de *doas* como sf pl ‘colar’. Probablemente tampouco fose de coñecemento xeral o significado de *sabelo* ‘devantal’, testemuñado por Sarmiento en Viveiro (*sabenlo*) e Ourense (*sabelo*) (DdD: sv. SABENLO), e distintos autores no século seguinte (fonte: TILG). Hoxe contemplamos *pegureiro* limitado ao oriente de Galicia, porque foi nas montañas orientais onde perduraron máis os rabaños de gando miúdo e esta ocupación, pero no corpus *Gondomar* é usado tamén por Gabriel Feijoo de Araújo (1671), máis ben co significado de ‘rapaz’, e por Juan Correa de Mendoza y Sotomayor (1697), da casa do Pegullal (Salceda de Caselas) e cóengo de Santiago; polo tanto, hai que concluir que alomenos no Miño *pegureiro* ‘pastor’ era voz coñecida, pero non que o fose a nivel xeral. Debe ser este tamén o caso de *asado* como recipiente (en principio ‘con

asas’), que atopamos co mesmo significado en Sarmiento “Se llama así un puchero pequeño de los que se ponen a la lumbre” (1746, “De olas, de potes, / d’asados, pucheiros, / de pratos, cazolas, / picheles e petos”) e en Sobreira “Puchero (con asa) y sin vico” (DdD: sv. ASADO), e a partir de aí cunha ampla presenza en toda a lexicografía galega; do uso vivo actual, todos os datos con referencia xeográfica que podemos aducir, fragmentarios, proceden do cadrante noroccidental de Galicia (San Sadurniño, Aranga, Malpica, Camariñas, Muxía, Fisterra, Cee, Dumbria, Tordoia e Santiago de Compostela; fontes: ALGa, TLPGP, DdD), do que deducimos que a área primitiva se reduciu e este territorio NW continúa a tradición. Sorprende máis que precisase aclarar a voz *corpiño*, sendo que esta palabra non debía ser opaca en Galicia e era préstamo galego ou portugués no castelán, incorporado na súa lexicografía desde principios do séc. XVI (1609; NTLLE: sv. CORPIÑO), mais quizais xa comezara o proceso de substitución por *xustillo*; de todos os xeitos, cómpre notar que a glosa ten dúas partes, unha para dar a equivalencia ‘cotilla’ e outra para sinalar a antigüidade—quizais da voz e non a peza— en Galicia, de modo que, se callar, estaba reivindicando a voz como propia.

Noutros casos, a explicación parece destinada a alguén que non coñece a lingua e a cultura galegas, coma no caso de *Minga* e *Mingota*. Se nos guiamos pola distribución dialectal actual, na metade N de Galicia (dunha liña que vai do Salnés a Pedrafita), un lector con algún contacto co medio rural non precisaría indicacións sobre o *loro* como peza que serve para unir o xugo á cabezalla do carro ou ao temón do arado. A glosa ‘palo’ para *pértego* parece aínda máis innecesaria, por canto as variantes *pértego* ~ *pértigo*, coas solucións fonéticas correspondentes, cobren todo o territorio como ‘pau máis curto, e móbil, dos dous do mallo’; en Galicia ninguén debería ter gran dificultade en percibir o hiperónimo ‘pau’ en “E revolvendo o meu *pértego*, (...) / deille un bo pau a meu gusto”. Tampouco parece necesaria a glosa ‘agüero malo’ para *agoiro* (variantes dialectais: *agoiro*, *agüiro*, *agouro*), polo demais inexacta, pois o uso como insulto non parece basearse no ‘mal augurio’ senón no significado de ‘persoa funesta ou insoportable’, xa documentado polo padre Sobreira (DdD: sv. AGOIRO, AGOIRO).

No caso de *armentío*, a glosa fai unha precisión moi interesante, pois aclara que se trata dunha cabeza de gando vacún (‘buey o vaca’)



e non do uso como xenérico ('gando vacún') ou colectivo ('rabaño de gando vacún') que se observa noutros lugares e que hoxe é xeral no uso literario<sup>13</sup>. Na tradición lexicográfica galega reunida no DdD (sv. ARMENTÍO), recollen este significado F. J. Rodríguez (1863) e mais o primeiro dicionario da RAG (1913-1928), que expón a dúbida entre ambas as acepcións e dá unha información valiosa, ao testemuñar a do noso texto en documentos antigos das comarcas ferrolá e compostelá; valla como mostra este fragmento de Santiago, 1326, que non deixa lugar a dúbidas sobre o significado 'cabeza de gando vacún adulto, boi ou vaca', pois o *tenreiro* queda excluído do cómputo:

Et vendemusuos o dito casal et herdade con pobrança de çinquo *armentios*, conuen a saber: huun boy ruuyo et outro boy amarello ruuyo, et huna vaca laura roxa et outra ruuya ruuyalua roxa, et outra sua filia de tal collar, con seu fillo tenreyro, per libras duzentas et dez pequenas desta moneda del rey don Fernando. (DUSC, *apud* TMILG: sv. armentios)

Finalmente, en *chamizo* 'cecina' dá unha información sorprendente, pois todas as definicións de *chamizo* se encamiñan a un pau queimado ou a aquilo que está negro ou reseco a causa do lume, do fume ou do sol, xa desde Sarmiento (1746): "que levan na man / un gabizo arden-do, / orasme un cañoto, / orasme un caveco, / oras xa un ganzo, / *chamizo* ou lumbreiro, / ou cádavo ou guizo, que todo é o mesmo". Aplicado á carne, non se interpreta no sentido de 'cecina' senón no de 'vianda mal cociñada, completamente queimada'. Por tanto, ou ben a glosa nos fornece unha acepción de *chamizo* ata agora descoñecida ('carne salgada curada, secada ao aire, ao sol ou ao fume') ou hai que entender o *cecina* da glosa co significado derivado de "el que está seco, flaco, y enxúto" (DRAE 1727, *apud* NTLLE: sv. CECINA); na

nosa opinión, o segundo é máis acaído ao ton denigratorio da pasaxe.

En suma, as glosas parecen ter a finalidade de aclarar partes escuras do texto a alguén que non está familiarizado coa modalidade lingüística da comarca en que foi producido ou, máis probablemente, coa lingua galega no seu conxunto. En tal caso, é unha copia preparada por alguén para ser remitida.

## 6. Interese para a historia da cultura

1. O encontro de Amaro con Mingotiña ten lugar nun contexto de festa, indo para a igrexa ou ermida de san Caetano, el para dar grazas por libralo dunhas quenturas e ela para asistir á misa, xunto con outras mozas conducidas por Pedro Lousano, tío de Amaro. A acción transcorre nun luminoso día do mes de maio, de modo que non se debe tratar da romaría ou festa en honra do santo, pois ata onde sabemos sempre se celebrou no verán<sup>14</sup>.

Caetano de Tiene (1480-1547) foi beatificado en 1629 e canonizado o 12 de abril de 1671. O culto difundíuse axiña por España, impulsado polo favor dos Austrias, que lle eran moi devotos, e acolleron a Orde de Clérigos Regulares (os Teatinos), fundada por el. É un santo moi avogoso, con tutelas moi diversas, entre elas a de interceder en todo tipo de doenzas, sobre todo nas incurables, pois unha das súas grandes obras foi a fundación do *Ospedale degli Incurabili* en Venecia. Só hai dúas freguesías baixo a súa advocación, unha en Crecente e outra en Santiago de Compostela, creada modernamente (1970) a partir dunha capela dependente de San Miguel dos Agros, erixida en 1701; a cambio hai ermidas dedicadas ao seu culto espalladas por todas as dioceses, un fenómeno de rápida implantación sorprendente por canto non está acompañado de igual presenza nin dos teatinos nin doutra orde que puidera impulsar este culto<sup>15</sup>.

<sup>13</sup> Cf. TILG: 44 ocorrencias en 24 obras, entre 1922 e 2001, das que só 1 ten valor 'individuo'. Ese é tamén o único significado recollido no DRAG: "Rabaño de gando vacún. Levaron pacer todo o armentío".

<sup>14</sup> O día da festividade é o 7 de agosto, coincidindo co aniversario da súa morte. Atopamos referencias modernas a festas que se celebran desde principios de xullo, mais ningunha durante a primavera.

<sup>15</sup> Debo valiosas informacións á xenerosidade de Domingo González Lopo, Manuela Domínguez e Xosé Manuel G. Reboredo, nun diálogo interdisciplinar que moito agradezo. Verbo da falta de implantación dos teatinos en Galicia, véxase que no *Censo* encargado por Floridablanca (1787) non se detecta a súa presenza, a pesar de que o culto a san Caetano se estendeu ao longo do séc. XVIII. Sánchez (1999), que sistematiza por dioceses as ermidas e santuarios citados na obra de Pascual Madoz (datos ca 1840), lista os seguintes santuarios en Galicia: Barrio-A Pobra de Trives (Astorga); Os Vaos-Ribeira de Piquín (Lugo); Landoi-Cariño, O Freixo-As Pontes de García Rodríguez, Ramil-Castro de Rei (Mondoñedo); A Portela do Trigal-Carballeda de Valdeorras, Cristosende-A Teixeira (Ourense); Paramos-Tui, A Guarda (Tui); ningún nas de Santiago de Compostela e Oviedo.

Non estamos en condicións de proporcionar unha distribución areal rigorosa do seu culto, pois orientámonos só por indicios. Semella haber unha maior difusión inicial na diocese de Mondoñedo, sen dúbida extensión da súa implantación en Asturias; proba diso é o testemuño certamente temperán dunha capela dedicada a el en Ramil (Castro de Rei), en 1685, e mais o feito de que a mediados do séc. XVIII san Caetano é un dos santos máis frecuentes como padroiro de confrarías na diocese de Mondoñedo (4,9%, igualado con san Pedro no quinto posto), en contraste coas outras dioceses galegas e do N de Portugal (González Lopo 2013: 86). Mais é evidente que o noso texto non se vincula co galego mindoniense senón co occidental, e máis particularmente co da diocese de Santiago, polo que cómpre volver a ollada cara a esta, onde o culto foi menos intenso<sup>16</sup>: ademais da freguesía santiaguesa, o nomenclátor menciona dous lugares San Caetano, nas parroquias de Alba e Cerponzóns (Pontevedra), a primeira con capela do séc. XVIII e romaría na honra do santo e a segunda coa ponte de San Caetano pola que pasa o camiño portugués; fan festas en honra do santo Portosín (Goíáns-Porto do Son) e Ponte Arnelas (Baión-Vilanova de Arousa), ás que podemos engadir por proximidade as de Abades-Silleda e Lodeiro (Soutolongo-Lalín), na diocese de Lugo, e as de Soutomaior e Estacas-Fornelos de Montes, na diocese de Tui. Sen prexuízo de que hoxe ou outrora puidese haber outros lugares de devoción na contorna, e de que novas informacións permitan no futuro precisar mellor o lugar, entre todas estas posibles localizacións os datos lingüísticos do texto oriéntannos cara á ermida levantada ao norte da cidade de Santiago, nos agros do Cendal, en 1701, polo capitán Bartolomé de Vereza Vázquez e dona Ángela Ponte Andrade, veciños de San Miguel dos Agros.

2. San Caetano librouno dunhas *quenturas*. Mais, desde aquel mes de maio en que el foi agradecido onda o santo, ten un aquel que non o deixa acougar nin en pé nin deitado. A imposibilidade de pór nome ao seu mal, para o que pide axuda á concorrencia, dálle pé para exhibir algunhas das doenzas correntes na época: “Pois el no’ é dor de madrío, / paletiña, resfriado, / nin son bubas, nin quenturas, / nin me doi perna nin brazo”.

Sobre a *dor de madrío*, que en principio parece remitir a un mal tipicamente feminino, infórmanos Eladio Rodríguez (DdD: sv. MADRÍO):

Algunas de nuestras gentes aldeanas creen que lo padecen también los hombres. En comarcas de Galicia se da el nombre de *madrío* al dolor fuerte de los riñones. La creencia vulgar de que el *madrío*, que también se llama calleiro, se cura con una hierba conocida por *arbelas*, es comunísima en el país, como lo es también que el hombre que lo sufre puede librarse de él fácilmente, tomando caldo muy cargado de unto, o chocolate mezclado con ruda, remedio éste que los supersticiosos tienen por eficacísimo.

A *paletiña* ou *espiñela* é o extremo inferior do esterno. Existe a crenza popular de que cando a *espiñela* está *caída* produce un estado xeral de malestar, problemas dixestivos, gran cansazo e melancolía, polo que o doente ten que someterse a un ritual que practican os curandeiros, para *erguela* ou *levantala*. A forma do texto, non documentada, semella galeguización de *paletilla*, frecuente, e apunta a unha posible intervención purista do autor; na comarca compostelá, hoxe tamén *panetilla*.

A *buba* é calquera pústula ou tumor na pel. Usada en plural, xeralmente alude a unha “Extraña enfermedad infecciosa y contagiosa que se extendió mucho por Galicia con carácter epidémico en el siglo XVI, atacando a las personas” (Eladio Rodríguez, *apud* DdD: sv. BUBAS), non necesariamente de orixe venérea (cf. español *bubas*, DRAE 1726, *apud* NTLLE: sv. BUBA). As *quenturas* son febres, de calquera etiología.

3. Pero, sobre todo, o romance achega información sobre a indumentaria e os tecidos que marcan a distinción e a elegancia nesta época. O retrato de Mínga informa sobre a roupa dos domingos das clases populares, non sobre a de cotío nin sobre a dunha festividade extraordinaria, tampouco sobre a das elites.

Míngota tóucase con “coifa de crarín, / cos seus encaixes pranchados, / e no medio unha especela / de máis de seis dedos de ancho”. O *clarín* é un lenzo fino e claro, moi estimado, orixinario de Flandres, Holanda ou Francia (DRAE 1729: sv. CLARIN), moi a propósito

<sup>16</sup> Portela Silva (2002) non o inclúe no seu santoral histórico da provincia eclesiástica de Compostela.

para a delicadeza da cofia, peza que na altura xa deixaran de usar as señoras pero seguía levando o pobo; *pranchados* fai referencia a que os encaixes están estirados, con amidón, goma ou outro produto. Menos claro é o detalle da *espicela*, unha banda de seis dedos de ancho, non sabemos con que disposición e función. Rexistramos *espicela* como denominación dunha taboíña alongada con furados que serve para graduar a inclinación da quenlla pola que cae o gran no ollo do muíño (DdD: sv. ESPICELA); tamén é acaído, pero suxire outra imaxe, o uso da mesma voz para a banda trezada que remata o bordo superior dun cesto de varas (TLPGP: sv. ESPICELA)<sup>17</sup>.

Viste *camisa, de lenzo* (de liño) *ancho*. Nos séculos XVII e XVIII os finos lenzos galegos eran moi estimados e competían na corte cos de Flandres; os prezos do lenzo, do país ou estranxeiro, atendían tanto á delicadeza do tecido coma ao ancho da tea. Sobre ela, *corpiño* feito de *raso*, que tanto se pode referir ao ‘satén’, tecido de seda –liso, suave, fino, brillante polo dereito e mate polo revés–, orixinario de Arras, no norte de Francia, coma ao ‘pano sedán’, tecido fino de la, moi suave ao tacto, que se elaboraba no país (Dávila Corona *et alii* 2004: sv. RASO). Por riba, a *almilla*, especie de casaca feita de *segovia* (ou sexa ‘pano de Segovia’), tecido de la abatanado e por tanto tupido; este tipo de tea podía ter diversas calidades e procedencias, pero os panos negros de Segovia (*de color azabachado*) eran os máis estimados. A *almilla* podía non ter mangas, pero non é o caso da de Mingota, que ten *mangas de quintanito*; unha das notas marxinais informa de que se trata dun ‘pano de estimación’, quizais o mesmo ca *quintín*, tea de liño moi fina, parecida ao cambrai, orixinaria de Quintín (Bretaña), ou unha imitación (*Ibid.* sv. QUINTÍN).

Por baixo da cintura, o *refaixo* (peza interior de abrigo) cuberto por un *sabelo* (ou *sabenlo* < SABANĒLLU), mantelo completo de pano groso, de liño e la ou só de la; a referencia a

que “unque é de pano estranxeiro, / é admirable pano” confirma a estimación que alcanzaran os panos de produción propia –de Galicia ou de Castela, segundo o caso– fronte aos importados dos países do norte. Cobre as pernas con *medias coloradas*, que serían de liño ou la, en todo caso tinguidas de vermello; nos pés, *zapatíños brancos* enfeitados cunhas *febillas de prata* chegadas da emigración americana.

Complétase o conxunto co colar de *doas de azabache*, cun *relicario dourado* que pesa “un carteirón ben pesado” ou sexa a cuarta parte dunha libra galega medida con xenerosidade (preto de 150 gramos)<sup>18</sup>. O relicario ten no seu interior un *neño en cruz*, que o autor da nota marxinal aclara, ‘lignum crucis’, pero non emenda, de onde deducimos que se trataba dunha solución popular no canto do latinismo opaco. A dúbida de se se trata dun rosario ou dun colar despéxa a nota marxinal “(quentas) al cuello”, determinante se é do autor.

Da vestimenta dos homes só sabemos que Amaro leva un *axustado* con *faldrilla*: “Estando nesta debouza, (...) / me tiraron da faldrilla / d’atrás do meu axustado”. O *axustado* (substantivación a partir de *xibón axustado*, probablemente) é unha peza exterior de pano, que se pon sobre a camisa, cinguida ao torso; ten abas curtas (faldras, no texto *a faldrilla*) da cintura para abaixo. Polo testemuño do padre Sobreira (1792-1797) sabemos que esta era a denominación que recibía en Santiago a peza que noutros lugares era chamada *axustador*, “El jubón o armador que se ponen los hombres ajustado al cuerpo” (DdD: sv. AJUSTADO, AJUSTADOR).

4. A furia e a desesperación de Amaro lévano a exhibir unha restra de formas denigratorias que faría as delicias do padre Sarmiento<sup>19</sup>: “¿chamizo, agoiro, pozoña, / sucio, loro, espilfarrado, / querer casar con Mingota?”. En tres deles figura unha nota marxinal dando o significado recto: *chamizo* “cecina”, *agoiro* “agüero malo”, *loro* “coyunda de cuero”.

<sup>17</sup> Un tipo de cofia incorpora unha longa funda ou trezado que envolve o pelo da muller formando unha longa cola sobre o espiñazo, de forma parecida á da *espicela* do muíño; de ser o caso, a alusión ao ancho estaría relacionada coa cantidade e calidade do cabelo. A segunda imaxe lévanos máis ben cara ás características dun enfeite da cofia.

<sup>18</sup> A libra galega pesaba máis cá libra castelá. Co paso ao sistema decimal, a libra fíxose equivaler de forma xeral a medio quilo, pero a tradicional galega era maior. Aínda que tiña tamaño variable segundo as bisbaras, con frecuencia andaba polos 575 gr. Unha libra tiña 16 *onzas*, 4 *onzas* facían un *cuarteirón*. O cuarteirón actual (125 gr., DRAG: sv. CUARTEIRÓN) parte da redución da libra a 500 gr. (fonte: ALGa VII. *O ser humano II*, no prelo).

<sup>19</sup> Lémbrense, por exemplo, as súas “Cien voces gallegas para ridiculizar a un patán, v. gr.” (1766: 214-215). Ningún destes está na súa relación.

## 7. Conclusión

Este “Curioso romance” está incluído entre os papeis do padre Feijoo, pero non é da súa autoría. Despois da análise lingüística do texto, cotexándoo co coñecemento adquirido sobre a lingua galega dos seus contemporáneos, concluímos que o romance carece dos trazos que cabe supoñer nun galegofalante natural de Casdemiro, por máis que morase noutros lugares de Galicia ou tivese acceso ao coñecemento escrito dos poucos autores que o cultivaban na súa época. Compréndese, por iso, por que –con bo criterio, no noso parecer– Justo E. Areal (1901) decidiu incluír no volume das *Poesías Inéditas* o “Pranto da frota...”, pero non este romance.

É probable que nin as glosas nin a nota final sexan do autor do romance. Parecen destinadas a unha terceira persoa que non ten o coñecemento da lingua, oral e escrita, que se lle supón a un natural do país, ou polo menos da bisbarra en que se escribe. Cremos que a nota lingüística final foi engadida polo padre Feijoo, pois coincide de maneira moi aproximada co seu pensamento, publicado en 1726; é posible que as glosas tamén fosen postas por el, con finalidade que descoñecemos.

## 8. Referencias bibliográficas

- ALGa I = Constantino García e Antón Santamarina (dirs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía verbal* [coord. F. Fernández Rei]. A Coruña: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa II = Constantino García e Antón Santamarina (dirs.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal* [coord. Rosario Álvarez]. A Coruña: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1959): *Escolma da poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario (2012): “Achegamento ao perfil lingüístico dos autores dos inicios da Idade Contemporánea”, en R. Mariño (ed.), *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 213-259.
- Álvarez, Rosario e Ernesto González Seoane (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. En liña: <http://ilg.usc.gal/gondomar/> [consulta: marzo 2018].
- Álvarez, Rosario e Francisco Millán Rodríguez (2016): “O “Pranto da frota, por unha ninfa galega” (c. 1702). Tradición manuscrita, autoría, edición e estudo”. *Cuadernos de Estudios del siglo XVIII* 26, pp. 233-270.
- Areal, Justo Eliseo (1901): *Poesías inéditas del Padre Feijoo. Sacadas a luz por Justo E. Areal*. Tui: Tipografía Regional.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2017): “La antroponimia en Galicia en el siglo XVIII”, *Namenkundliche Informationen* 109-110, pp. 78-107. En liña: <https://www.researchgate.net/publication/328880452>.
- Censo español executado de orden del Rey comunicada por el Conde de Floridablanca, Primer Secretario de Estado y del Despacho, en el año 1787*. Madrid: Imprenta Real.
- Correas, Gonzalo (1984 [1627]): *Arte Kastellana. Introducción, edición y notas por Manuel Taboada Cid*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

A lingua do texto encamiñanos a un autor localizable na banda de transición entre o galego occidental e o central, dentro da diocese de Santiago e non da tudense, probablemente nas proximidades de Santiago de Compostela. Non é de Diego Cernadas, o cura de Fruíme, que ten unha orientación máis occidental; entre os restantes autores da área atopamos coincidencias, mais ningún deles legou un volume textual suficiente para podermos establecer hipóteses aceptables.

O poema circulou manuscrito, polo tanto non hai que esperar que esta sexa a única copia nin que parta do orixinal; de feito, semella que o padre Sobreira tiña unha versión algo diferente. Esta circunstancia dificulta aínda máis a datación do romance; advirtase que a nota lingüística é datable en relación coa obra do padre Feijoo (ca. 1726), pero nada impediría colocala ao final dun texto producido con anterioridade. A referencia a san Caetano sitúanos sen lugar a dúbidas no séc. XVIII, co pasamento do padre Feijoo (1764) como termo *ante quem*. Con todas as cautelas debidas, tendo en conta o relativo arcaísmo morfolóxico –quizais só por condicionantes dialectais– e a relativa modernidade gráfica, decidimos datalo provisoriamente arredor de 1750.



- Dávila Corona, Rosa María; Montserrat Duran Pujol e Máximo García Fernández (2004): *Diccionario histórico de telas y tejidos. Castellano-catalán*. [Valladolid]: Junta de Castilla y León.
- DdD = Antón Santamarina (ed.): *Diccionario de diccionarios*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. En liña: <http://sli.uvigo.es/DdD> [consulta: marzo 2018].
- DRAG = Real Academia Galega: *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. En liña: <https://academia.gal/diccionario> [consulta: marzo 2018].
- Feijoo Montenegro, Benito Jerónimo (1726): “Paralelo de las lenguas Castellana, y Francesa”, en *Theatro critico universal, ó Discursos varios en todo genero de materias, para desengaño de errores comunes*. Madrid: Lorenzo Francisco Mojados, Tomo I, Discurso XV, pp. 297-312 (<http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000030010&page=1>).
- González Lopo, Domingo L. (2013): “Las cofradías en la formación religiosa y el control festivo en las parroquias de Galicia y el norte de Portugal en época moderna”, *Obradoiro de Historia Moderna* 22, pp. 63-92.
- González Montañés, Julio I. (2016): “El *Entremés del portugués*, pieza teatral jesuítica en gallego del siglo XVIII. Noticia del manuscrito, edición y estudio”, *Taller de TeatrEsco*. Valencia: Parnaseo, Universidad de Valencia ([http://parnaseo.uv.es/Ars/teatresco/Revista/Taller\\_Estudios\\_Textos.html](http://parnaseo.uv.es/Ars/teatresco/Revista/Taller_Estudios_Textos.html)).
- López Peláez, Antolín (1899): *Las poesías del P. Feijoo sacadas a la luz con un prólogo de Don Antolín López Peláez*. Lugo: G. de Castro.
- Mariño Paz, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pre-galeguistas (Revista Galega de Filoloxía, Monografía 2)*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Mariño Paz, Ramón; Margarita Sánchez Yáñez e Damián Suárez Vázquez (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.
- Monteagudo, Henrique (2005): “A xeneralización do uso do grafema <x> para a consoante /ʃ/ na escrita galega. Notas sobre a súa orixe (ss. XVI-XVIII)”, en A. I. Boullón Agrelo, X. L. Couceiro Pérez e F. Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 405-421.
- NLLE = Real Academia Española: *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española*. Madrid: Real Academia Española. En liña: <http://buscon.rae.es/NLLE/SrvltGUILoginNLLE>.
- Pensado, José Luis e Carmen Pensado Ruiz (1983): “*Gueada*” y “*geada*” gallegas. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Portela Silva, María José (2002): “Apéndice”, en J. García Oro (coord.), *Historia de las diócesis españolas. 14. Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, pp. 519-530.
- Sánchez Vaquero, José (1999): *España, Tierra de Santos (Ermitas y Santuarios de los Santos)*. Salamanca: Imprenta Kadmos.
- Sarmiento, Fr. Martín (1998 [1766]): *Elementos Etimológicos según el método de Euclides. Edición y estudio por J. L. Pensado*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sobreira, Fr. Juan (1979 [1792-1797]): *Papeletas de un diccionario gallego. Edición y estudio crítico por José Luis Pensado*. Vol. 1. Ourense: Instituto Padre Feijoo.
- TILG = Antón Santamarina (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. En liña: <http://ilg.usc.gal/TILG/> [consulta: marzo 2018].
- TLPGP = Rosario Álvarez (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. En liña: <http://ilg.usc.gal/Tesouro> [consulta: marzo 2018].
- TMILG = Francisco Xavier Varela Barreiro (dir.): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. En liña: <http://ilg.usc.gal/tmilg/> [consulta: marzo 2018].
- Vázquez Núñez, Arturo (1881): “Poesías inéditas del P. Feijoo”, *Ilustración gallega y asturiana* 3/7, pp. 80, 92, 128, 140 e 152.